



Autorización para participar no Reforzo de competencias clave en 3º e 4º de ESO (acompañamento escolar fóra do horario lectivo). COMPETENCIA MATEMÁTICA. Curso 2019/20.

Á atención das familias,

Coa finalidade de axudar a mellorar os resultados escolares do alumnado que presenta algún tipo de dificultade na súa aprendizaxe, o noso centro solicitou un **programa de reforzo de competencias clave**, en concreto de **REFORZO DA COMPETENCIA MATEMÁTICA (PREMAT)** que se impartirá durante este curso escolar 2019/20. A data de inicio comunicárase máis adiante, tan pronto teñamos coñecemento dela.

Este reforzo escolar impartirase en grupos reducidos (de 5 a 10 alumnos/as) fóra da xornada lectiva, catro horas á semana, en sesións de dúas horas. Os destinatarios son alumnos/as propostos/as polo centro e autorizados/as polas súas familias para asistir.

O programa ten como obxectivo prestar unha atención máis personalizada e individualizada que a que reciben diariamente na aula, que lles permita mellorar o seu rendemento escolar e acadar unha maior motivación cara á súa aprendizaxe.

De estaren interesados en que o seu fillo ou a súa filla reciba o **reforzo escolar de matemáticas** deben devolver ao centro esta autorización que se xunta debidamente cuberta e asinada. **(ANTES DO 6 DE NOVEMBRO)**

A dirección do IES de Mugardos

**AUTORIZACIÓN PARA PARTICIPAR NO REFORZO DE COMPETENCIAS CLAVE EN 3º E 4º DE ESO.
 CURSO 2019/20**

Don/dona....., con DNI, e teléfono de contacto, como pai / nai / titor/a do/a alumno/a..... matriculado/a no curso e grupo, autorizo ao/á meu/miña fillo/a a participar no Reforzo de competencias clave (acompañamento escolar fóra do horario lectivo) durante o período de duración do programa..

Sinatura:

..... de de